

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TURISMO, ACCIÓN
COMUNITARIA, IMPULSO RURAL E MEDIO AMBIENTE DO DÍA 20/06/2025

ASISTENTES

PRESIDENTE:	D. Javier Tourís Romero
VOGAIS:	D. Jorge Cubela López
	D ^a . Luisa María Sánchez Méndez
	D. Rafael Domínguez Artime
	D. Ricardo Martínez Chantada
	D. Jesús Vázquez Almuíña
	D ^a . María Pilar Ramallo Vázquez
	D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso
	D ^a . María Nava Castro Domínguez
	D ^a . Digna Rosa Rivas Gómez
	D. Javier Iglesias Mougán
	D. Paco Ferreira González
	D. Gregorio Luis Agís Gómez
	D ^a . Nuria Rodríguez Rodríguez
	D. Gorka Gómez Díaz
	D ^a . Beatriz Lomba Rodríguez
	D ^a . María Manuela Rodríguez Pumar

Sendo as doce horas e dez minutos do día vinte de xuño do ano dous mil vinte e cinco, reúnense no Pazo Provincial os Sres./as. Deputados/as arriba relacionados, en sesión ordinaria, e baixo a Presidencia de D. Javier Tourís Romero. Actúa como secretario o Xefe de Negociado do servizo de Medio Ambiente D. Manuel Leiro Oubiña.

Aberta a sesión polo Presidente, pásase ó estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, sobre os que recaeron os seguintes ditames:



1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (expte. 2025045345)

Apróbase a acta da sesión anterior (CSV: 6LMW75IEIEZNTUIE), correspondente á sesión ordinaria celebrada o vinte e tres de maio do ano dous mil vinte e cinco co voto favorable de todos os membros da Comisión.

2.- DAR CONTA DO INICIO DOS CURSOS DE FORMACIÓN A INTERESADOS NO CULTIVO COMERCIAL DE TÉ NA PROVINCIA, DENTRO DO PLAN ESTRATÉXICO PARA A PROMOCIÓN DO TÉ. (EXPTE.: 2022070442)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“DAR CONTA DOS CURSOS DE FORMACIÓN A INTERESADOS NO CULTIVO COMERCIAL DE TÉ NA PROVINCIA, DENTRO DO PLAN ESTRATÉXICO PARA A PROMOCIÓN DO TÉ. EXPEDIENTE 2022070442.

Con data 9 de xuño, celebrouse na Estación Fitopatolóxica Areeiro o primeiro curso de formación para interesados no cultivo de té de maneira comercial na provincia de Pontevedra, dentro do “Plan Estratéxico para a o Lanzamento e Promoción do Té da Provincia de Pontevedra, TéAreeiro”.

Neste curso, ao que asistiron 28 persoas, impartíronse nocións básicas sobre a importancia económica do té, a súa historia, a súa botánica, como facer unha plantación e como diferenciar e elaborar os distintos tipos. Os asistentes tamén colleitaron gromos para facer té verde.

*A seguinte formación será o día 20 de xuño, na que aprenderán como facer unha plantación de *Camellia sinensis* (a planta do té), como detectar pragas e enfermidades neste cultivo, e a maquinaria necesaria e costes estimados para facer unha plantación comercial, así como o proceso completo de elaboración de té verde. Os asistentes poderán traer mostras de solo da finca onde van facer a plantación que se lles analizará sen coste, e se lles entregarán plantas de *Camellia sinensis* para empezar a plantación.*

A idea deste plan é fomentar o cultivo de plantacións comerciais de té na provincia, onde temos as condicións ambientais e de solo aptas para o desenvolvemento desta actividade que pode contribuír ao aumento de actividade laboral nas zonas rurais, producindo un produto local de calidade, fomentando o consumo de produto



de proximidade, contribuíndo ademais a reducir a pegada de carbono e formando unha barrera de protección fronte aos incendios.

Pontevedra, na data da súa sinatura electrónica"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A CONTRATACIÓN CONXUNTA DOS SERVIZOS RELACIONADOS COA EXECUCIÓN DO PROXECTO "PRAIAS SEN LÍMITES: EXPERIENCIAS TURÍSTICAS ATEMPORAIS PARA REDUCIR A ESTACIONALIDADE", INICIATIVA COFINANCIADA POLO MINISTERIO DE INDUSTRIA E TURISMO, A TRAVÉS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA - NEXT GENERATION EU (EXPTE.: 2025029549)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

<i>"Nº Expte</i>	<i>2025029549</i>
<i>Asunto</i>	<i>"CONVENIO DE COLABORACION PARA LA CONTRATACIÓN CONJUNTA DE LOS SERVICIOS RELACIONADOS CON LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO "PLAYAS SIN LÍMITES: EXPERIENCIAS TURÍSTICAS ATEMPORALES PARA REDUCIR LA ESTACIONALIDAD", INICIATIVA COFINANCIADA POR EL MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO, A TRAVÉS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA (NEXT GENERATIONEU)"</i>
<i>Trámite</i>	<i>INFORME PROPOSTA DAR CONTA</i>

A xefa de servizo de Turismo, co visto e praxe da deputada delegada, trala deliberación cos socios do proxecto emite informe con (CSV):Y5F3PGEWECKZ28 para a aprobación do "CONVENIO DE COLABORACION PARA LA CONTRATACIÓN CONJUNTA DE LOS SERVICIOS RELACIONADOS CON LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO "PLAYAS SIN LÍMITES: EXPERIENCIAS TURÍSTICAS ATEMPORALES PARA REDUCIR LA ESTACIONALIDAD", INICIATIVA COFINANCIADA POR EL MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO, A TRAVÉS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA (NEXT GENERATIONEU)", acompañando ao mesmo da correspondente Memoria Xustificativa.



Visto o informe do servizo de secretaria con data 2 de xuño de 2025 e CSV D58K15HD0MVUN2N6.

Visto o informe de intervención con data 5 de xuño de 2025 e CSV OJKL69LC37CCB5AW.

E aprobado por Resolución Presidencial nº 2025004668 do 5 de xuño de 2025 e CSV CVMGW7X66CONGORB

Visto o convenio de data 5 de xuño de 2025 e con CSV 2W9VBZBO4N6XD7BI

Proponse á Comisión Informativa de Turismo

Dar conta da aprobación do “CONVENIO DE COLABORACION PARA LA CONTRATACIÓN CONJUNTA DE LOS SERVICIOS RELACIONADOS CON LA EJECUCIÓN DEL PROYECTO “PLAYAS SIN LÍMITES: EXPERIENCIAS TURÍSTICAS ATEMPORALES PARA REDUCIR LA ESTACIONALIDAD”, INICIATIVA COFINANCIADA POR EL MINISTERIO DE INDUSTRIA Y TURISMO, A TRAVÉS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILENCIA (NEXT GENERATIONEU)”

Asinado dixitalmente ao marxe “

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido “ut supra”.

4.- 4. DAR CONTA DO REPARTO DE AXUDAS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACIÓNS DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2025 (EXPEDIENTES 2025003042 E 2025003039)

De conformidade co establecido nos artigos 123 e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dáse conta a Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente do informe que segue, co seguinte teor literal:

“ASUNTO: DAR CONTA DO REPARTO DE AXUDAS A CONFRARÍAS DE PESCADORES, FEDERACIÓN DE CONFRARÍAS E AGRUPACIÓNS DE MARISCADORAS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA INVESTIMENTOS E GASTOS CORRENTES DURANTE O EXERCICIO 2025 (Expedientes 2025003042 e 2025003039)

A Deputación de Pontevedra é consciente da importancia das confrarías de pescadores e pescadoras da provincia no desenvolvemento de accións de



promoción e fomento dunha actividade de vital importancia na provincia, como é o da pesca e marisqueo, un sector onde atopan ocupación profesional un numeroso porcentaxe de familias da provincia, principalmente mulleres, é polo que,

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 7 de marzo de 2025, número de acordo 2.34881, aprobou as Bases Reguladoras das axudas a Confrarías de Pescadores, Federación de Confrarías e Agrupacións de mariscadoras da provincia de Pontevedra, cun orzamento total de trescentos cincuenta mil euros (350.000,00€), e foron publicadas no BOPPO número 49 do 13 de marzo de 2025.

A través desta liña de actuacións, subvenciónanse investimentos (material de vixilancia, elementos de transporte, equipos informáticos, mobiliario, caixas para a comercialización, obras e formación), e con carácter extraordinario, gastos correntes, destinados a garantir a sustentabilidade das actividades pesqueira e marisqueira da provincia, afectadas pola severa mortalidade de moluscos bivalvos, levando ó sector a unha situación extrema.

Porén, os obxectivos principais da convocatoria céntranse en propiciar a recuperación e o impulso do sector da pesca e marisqueo para a posta en valor dos seus recursos e potenciar o seu desenvolvemento.

Despois de finalizado o prazo para facer solicitudes, formuláronse un total de trinta e sete (37), das cales, vinte e dúas (22) corresponden a "Gastos correntes" e quince (15) a "Investimentos".

O importe a repartir é de douscentos mil euros (200.000,00€,) en gastos correntes con cargo á aplicación orzamentaria 25/410.4150.489.01 e de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) en investimentos con cargo á aplicación 25/410.4150.789.02.

Unha vez feita a valoración e aplicado o algoritmo da plataforma de subvencións facilitado polo Servizo de Novas Tecnoloxías, obtense unha proposta de reparto, por cada liña de subvención, que queda tal e como figura no listado que se xunta a continuación:

SUBVENCÍONS A CONFRARÍAS 2025

GASTOS CORRENTES

Cif	Beneficiario	Programa	Finalidade	Importe
G36618510	CONFRARÍA DE PESCADORES LA ANUNCIADA DE BAIONA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal	7.975,00€
G36013712	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTÍÑO DE BUEU	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gasto de persoal, electricidade e caixas de porex	10.440,00€
G36012847	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANTONIO DE CAMBADOS	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de electricidade e combustible	9.135,00€



G36014389	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN XOSE DE CANGAS	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal	7.975,00€
G36007714	CONFRARÍA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal, electricidade e caixas e outros	9.715,00€
G36014744	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DO GROVE	Axudas a confrarías para gastos correntes	Adquisición de semente	12.035,00€
G36014173	CONFRARÍA DE PESCADORES SANTA TECLA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal, electricidade e combustible	11.310,00€
G36014124	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN XULIAN DA ILLA DE AROUSA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Adquisición de semente	11.200,00€
G36013688	COFRADIA DE PESCADORES SANTA MARIA DO PORTO DE MARIN	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal, equipos de traballo impermeables, electricidade e combustible	2.900,00€
G36015212	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DE MOAÑA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gasto de persoal	10.875,00€
G36020261	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN GREGORIO DE RAXO	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gasto de persoal, electricidade e combustible	8.410,00€
V36016962	COFRADIA DE PESCADORES SAN TELMO DE PONTEVEDRA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de electricidade, combustible e asistencia contable, fiscal e organizativa	6.680,00€
G36015253	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANDRES LOURIZAN	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal, electricidade e combustible	8.410,00€
F36010916	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUAN	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal, caixas e sacos	11.310,00€
G36012839	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ROQUE DE PORTONOVO	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal e de electricidade	7.250,00€
G36017804	COFRADIA DE PESCADORES SANTA ROSALIA DE SANXENXO	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal	6.090,00€
G36012821	CONFRARÍA DE PESCADORES VIRXE DO CARME DE ARCADE	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gasto de persoa	8.410,00€
G36619252	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN FRANCISCO	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gasto de persoal	7.975,00€
G36293272	CONFRARÍA PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal, malla e sacos	9.860,00€
G36012813	CONFRARIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL	Axudas a confrarías para gastos correntes	Adquisición de semente	12.035,00€



G36012854	CONFRARÍA DE PESCADORES VIRXEN DEL ROSARIO	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gasto de persoal	11.310,00€
G36013597	CONFRARÍA DE PESCADORES A PASTORIZA	Axudas a confrarías para gastos correntes	Gastos de persoal	8.700,00€

GASTOS EN INVERSIÓNS

G36618510	CONFRARÍA DE PESCADORES LA ANUNCIADA DE BAIONA	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de furgoneta e material informático	20.000,00€
G36014389	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN XOSE DE CANGAS	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de motor fueraborda, equipos informáticos e estadas para varadoiro	14.674,41
G36007714	CONFRARÍA PESCADORES SAN CIPRIANO DE ALDAN	Axudas a confrarías para inversións	Ordenador, ratos e outros	731,30€
G36014744	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DO GROVE	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de equipos informáticos	6.615,34€
G36014173	CONFRARÍA DE PESCADORES SANTA TECLA	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de furgoneta	13.804,96€
G36014124	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN XULIAN DA ILLA DE AROUSA	Axudas a confrarías para inversións	Ordenador, caixas varias, sillas e outros	4.550,37€
G36013688	COFRADIA DE PESCADORES SANTA MARIA DO PORTO DE MARIN	Axudas a confrarías para inversións	Formación técnica	800,00€
G36015212	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN MARTIÑO DE MOAÑA	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de equipos informáticos	3.540,00€
G36020261	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN GREGORIO DE RAXO	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de dron de vixilancia	6.192,80€
G36015253	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN ANDRES LOURIZAN	Axudas a confrarías para inversións	Equipos informáticos	3.094,56€
F36010916	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN JUAN	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de material informático e mobiliario	728,00€
V36621282	FEDERACION PROVINCIAL DE CONFRARIAS DE PESCADORES DE PONTEVEDRA	Axudas a confrarías para inversións	Equipos informáticos	2.471,20€
G36619252	CONFRARÍA DE PESCADORES SAN FRANCISCO	Axudas a confrarías para inversións	Material informático, mobles e outros	5.645,53€



G36293272	CONFRARÍA PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de material de vixilancia e mobiliario	2.267,20€
G36012813	CONFRARIA DE PESCADORES SANTIAGO APOSTOL	Axudas a confrarías para inversións	Adquisición de furgoneta	16.320,00€

Documento asinado dixitalmente"

A Comisión Informativa de Turismo, Acción Comunitaria, Impulso Rural e Medio Ambiente queda enterada do estado do expediente referido "ut supra".

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Non houbo

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por finalizada a reunión, sendo as doce horas e quince minutos, do que, como secretario, dou fe.

Pontevedra, na data da sinatura electrónica

O secretario da Comisión,

(documento asinado electrónicamente)

Manuel Leiro Oubiña

